



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico Introducción á fiscalidade internacional

CONVOCATORIA: Curso monográfico Introducción á fiscalidade internacional

GRUPO: Economía Pública (Cursos Superiores e Xornadas)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	25
-----------------------	----------------	--------------	-------------	---------------	----

ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
------------------------	----------	----------------	-----------	-------------	------

MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1
-------------------------	----------------------------	-------------------	---------------	------------------	---

DATA MATRÍCULA: Do 06/04/2022 - 09:00h ao 11/04/2022 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Nos últimos anos, a globalización económica e a consecuente internacionalización das relacións comerciais teñen dotado dunha extraordinaria importancia e transcendencia á fiscalidade internacional. Doutra banda, dado que a globalización foi acompañada de procesos de integración económica de carácter supranacional (UE, MERCOSUR, etc.), a incorporación de España á Unión Europea motivou que resulte necesario abordar tamén a incidencia que a política fiscal da Unión Europea e as esixencias do mercado interior europeo teñen no ordenamento xurídico español.

O presente curso monográfico pretende ofrecer ao alumnado unha visión xeral da fiscalidade internacional e comunitaria, que lle permita comprender e profundar no coñecemento dos seguintes aspectos:

- Os criterios ou puntos de conexión utilizados para o reparto das competencias fiscais entre os Estados.
- A determinación da residencia fiscal e os problemas que dela se derivan.
- Os tipos de réximes fiscais, en especial as denominada xurisdicións non cooperativas (paraísos fiscais), así como as medidas das que se dotan os países para evitar a evasión fiscal e a erosión de bases impositibles.
- O fenómeno da sobreimposición internacional e os mecanismos arbitrados para combatela.
- A tributación dos non residentes.
- A natureza e as clases de tributos que gravan o comercio internacional e o comercio electrónico.
- O proceso de integración económica europea e as limitacións fiscais que se derivan para os estados membros das liberdades de circulación no mercado interior europeo.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral), da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais, da Administración institucional, das entidades locais de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

- Fontes, principios e conceptos básicos da fiscalidade internacional (4 horas)
- Convenios para evitar a dobre imposición(4 horas)
- Tributación dos non residentes (4 horas)
- Tributación do comercio internacional (5 horas)
- Harmonización fiscal da Unión Europea (4 horas)
- Mercado interior europeo e liberdades de circulación (4 horas)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTO

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 19/04/2022 a 12/05/2022

NUM. PRAZAS: 40

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 18/05/2022 ás 16:30h

DOCENTES NOMEADOS

MIGUEL A VAZQUEZ TAIN

LUZ RUIBAL PEREIRA

XOSE MANUEL IGLESIAS CASAIS

JUAN JOSE NIETO MONTERO

DANIEL EDUARDO MARQUEZ LASSO

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 19 de abril de 12:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Proba final en liña.